



JESÚS MANUEL GARCÍA DÍAZ
DIRECTOR

Torres do Pino, s/n, 32001-Ourense
director@ourense.uned.es
Tf: 988 371444
www.unedourense.es

Estimado estudante:

Desexo darlle a benvinda ao curso académico 2022-2023; moi especialmente se é vostede estudante de nova incorporación e intégrase na UNED por primeira vez. Desde este momento, tanto eu mesmo, como todo o equipo administrativo e docente do Centro Asociado á UNED en Ourense, poñémonos ao seu servizo. O devandito Centro Asociado e a súa Aula Universitaria de Valdeorras, na Rúa, contan cunha serie de servizos académicos e de recursos que lle serán de suma utilidade académica, profesional e persoal: Secretaría (Ourense), Biblioteca (Ourense); Aulas de informática (Ourense), Centro de Orientación e Información ao Estudante (COIE) (Ourense); Probas presenciais: só en Ourense. Os estudantes de A Rúa deben desprazarse a Ourense para realizar os seus exames.

Dentro dos servizos que ofrece o Centro, merecen especial mención as titorías, das que existen varios tipos. Por unha banda, o Centro Asociado no que se matriculou ofreceralle titorías de carácter presencial nas instalacións de Ourense e A Rúa.

Lembre, a este respecto, que non todas as materias dispoñen de titoría presencial en cada unha das sedes; en caso de dúbida, consulte os horarios. Xunto a este tipo de titoría, poderá recibir tamén as de presencialidade virtual (webconferencia a través de INTECCA ou TEAMS, e taboleiro dixital interactivo en liña), que lle proporcionarán os distintos Centros e Aulas agrupadas dentro do Campus Noroeste, no que se integra UNED Ourense. A este servizo, ofrecido grazas á tecnoloxía específica da UNED denominada "AVIP Nivel 1", accederá desde o seu Centro Asociado. Ao servizo de webconferencia, pode acceder desde o



JESÚS MANUEL GARCÍA DÍAZ
DIRECTOR

Torres do Pino, s/n, 32001-Ourense
director@ourense.uned.es
Tf: 988 371444
www.unedourense.es

seu domicilio se dispón dun computador con conexión a internet. A tutela de todas aquelas materias que por razóns orzamentarias e de dispoñibilidade física de espazos e medios UNED Ourense non alcance proporcionar, poderá levar a cabo polo Campus Noroeste, ou desde outros Centros da UNED, titorías por webconferencia de Campus e de Intercampus. Para recibir este servizo académico só é preciso que se matricule na materia do seu interese e dispoña dun dispositivo electrónico conectado a internet. Este servizo permitiralle interactuar co seu profesor e recibir toda clase de documentos que reforcen a súa titoría.

Unha vez máis, agradeceríalle que consultase os horarios para coñecer o calendario e dispoñibilidade destas titorías. En todo caso, ao longo de outubro e novembro, tanto UNED Ourense como o Campus do Noroeste desenvolverán, dentro do seu Plan de Acollida de Estudantes, diversas actividades informativas e formativas que lle serán moi útiles para coñecer e aproveitar ao máximo os distintos servizos que a UNED proporciona aos seus alumnos. Así mesmo, desenvolveremos tamén cursos de técnicas de estudo, especificamente orientados aos novos alumnos da UNED. Neste sentido, este curso comeza a posta en servizo dunha nova plataforma (ÁGORA) que substitúe á anterior (ALF), tanto para profesores titores como para estudantes. Con iso, pretendemos axudarlles a sacar o máximo partido ao seu tempo de estudo, indicándolles estratexias e técnicas de planificación e organización do tempo de aprendizaxe e habilidades que esperamos contribúan a que desenvolvan con éxito a súa formación académica na UNED. Para manterse ao tanto destas e outras actividades, poden consultar o seu



JESÚS MANUEL GARCÍA DÍAZ
DIRECTOR

Torres do Pino, s/n, 32001-Ourense
director@ourense.uned.es
Tf: 988 371444
www.unedourense.es

propio correo de estudante, a tamén a web do Centro Asociado de Ourense: www.unedourense.es